



## EXPEDIENTE 202/2022

### ASUNTO: INFORME DEFINITIVO SOBRE O ESTADO DA SOLICITUDE, CONCESIÓN E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE NA TEMPADA 2022/23

#### CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS:

Para a cesión das instalacións municipais utilízanse **tres ferramentas** imprescindibles:

1. O procedemento marcado no **Regulamento de utilización das Instalacións Deportivas Municipais** dependentes do Concello Municipal de Deportes de Ourense, no Título IV relativo ás normas de solicitude, concesión e uso:

#### TÍTULO IV. NORMAS DE SOLICITUDE, CONCESIÓN E USO.

##### Artigo 21º – Prioridade de deportes minoritarios

O CMD, ante a proliferación de solicitudes de equipos de deportes moi masificados (fútbol sala, baloncesto), favorecerá a situación de deportes minoritarios nas instalacións, sempre que iso sexa posible técnicamente, tendo en conta criterios de calidade, categoría, carácter e difusión da actividade.

##### Artigo 22º - Solicitude de instalacións deportivas municipais

Ábrese o prazo de solicitude para o uso de Instalacións Deportivas Municipais durante o ano escolar ou tempada, o día 1 de Xuño e finaliza o día 30 do mesmo mes.

O modelo de solicitude será o establecido polo CMD. Poderá recollerse nas instalacións deportivas municipais e na páxina web municipal [www.ourense.es]. Deberá entregarse nos rexistros municipais en horario de oficina.

O CMD resérvase como prioridade o horario de 18,00 a 20,00 h. para o desenvolvemento das Escolas Deportivas.

A concesión de uso queda supeditada a que a solicitante estea ao corrente no pagamento polo concepto de utilización de calquera instalación deportiva municipal.

O solicitante comprométese ao pagamento da totalidade da hora de concesión, aínda que esta non sexa utilizada, e durante toda a tempada, a non ser que renuncie ao uso da cancha con antelación de 5 días antes de terminar o mes en curso, co fin de evitar que se cobren os meses seguintes.





Será imprescindible cumprimentar toda a solicitude, facendo figurar os datos reais que se solicitan. No caso de que o CMD detecte falsidade nos devanditos datos, a entidade causará baixa automaticamente do uso do instalacións.

Dende o CMD considérase dous tipos de solicitudes de instalacións:

1. Petición de instalacións para adestramento en tempada anual:

a. Os clubs ou entidades deportivas poderán, para efectuar os seus adestramentos ou competicións, solicitar a reserva dunha instalación determinada. Todas as solicitudes recibidas dunha mesma instalación serán estudadas e clasificadas atendéndose á súa orde de prioridade.

b. Consecuentemente con esta clasificación o/a coordinador/a de deportes asignaralle a cada entidade os días e horas en función da dispoñibilidade de cada instalación.

c. Aos clubs ou entidades deportivas que, logo da aplicación dos devanditos criterios, se lles conceda unha instalación deportiva determinada, deberán confirmar o horario concedido, nunha primeira fase provisional. Posteriormente, unha vez estudadas as posibles reclamacións pasaranse a unha segunda e definitiva fase, no que a entidade deportiva deberá formalizar un convenio para a concesión do horario de adestramento. Esta concesión terá vixencia ata o 31 de maio. No caso de ser necesaria unha prórroga, esta deberá ser solicitada polo procedemento anteriormente descrito

d. A cesión das instalacións a clubs e entidades deportivas durante toda a tempada é exclusivamente para adestramentos e non poderán ser utilizadas para partidos de calquera índole. Calquera outra utilización deberá serlle comunicada ao CMD; estas modificacións serán aboadas antes da celebración dos encontros segundo as taxas vixentes.

2. Petición de instalacións para a celebración de competicións: Poderase reservar o uso de instalacións para a celebración de competicións dentro dos horarios de fin de semana, en canto dispoñan do calendario. A concesión de reservas realizarase entre o luns e martes da semana correspondente, e o club ou entidade deportiva deberá confirmar a reserva, logo de pagar a taxa correspondente, sempre antes do xoves da mesma semana salvo que se ataña a outro tipo de acordo. A concesión de uso queda supeditada á posible autorización do CMD para actos ou competicións, non habendo lugar a reclamación cando, por algunha circunstancia se teña que suspender o horario concedido. Non obstante, sempre que sexa posible, comunicarse coa máxima antelación posible.

A concesión dunha franxa horaria durante unha tempada, en calquera instalación, non implicará que esa mesma hora sexa concedida ao ano seguinte automaticamente polo feito de facer a solicitude.





As concesións serán únicas e exclusivamente para a tempada concedida. Deberá confirmarse o horario concedido nas oficinas do CMD.

2. Os **critérios** de valoración para a asignación de uso de instalación deportivas municipais dependentes do CMD aprobados polo Consello Reitor, para axustar en maior medida este regulamento de cara a unha maior concreción no método para o reparto xusto e equitativo das instalacións. Son os seguintes:

- Categoría por equipo e nivel de competición (40%).
- Antigüidade, no uso dunha instalación deportiva municipal (30%).
- Número de licenzas federativas (20%).
- Criterios Técnicos que favorezan a planificación e xestión das instalacións do CMD (10%).
  - Teranse en conta:
    - Preferencia para os clubs ou entidades deportivas co domicilio social no Concello de Ourense.
    - Non dispoñer de instalacións deportivas propias ou o disfrute doutras instalacións alleas ao CMD.
    - Estabilidade no uso das instalacións cedidas en tempadas anteriores. Asistencia/antelación de avisos no CMD cando non se usou.
    - Os requerimentos e especificacións propias da modalidade deportiva.
    - A entrega dos calendarios de competición coa máxima antelación.
    - A posibilidade de compartir espazo deportivo.
    - Preferencia da actividade deportiva sobre a actividade física.
    - Nas fins de semana, priorizarase o uso vinculado con eventos deportivos.
  - O CMD reserva o dereito de asignar un número máximo de equipos por categoría e club e/ou de horas semanais de adestramento dos ditos equipos.
  - As solicitudes de xeito obrigatorio, deberán vir acompañadas dun proxecto explicativo, que recollerá, a lo menos, cada un dos puntos de valoración expostos anteriormente.





- Estes criterios integraranse na vindeira modificación de regulamento de uso de instalacións deportivas.

3. Os **registros de ocupación** da tempada 2020-2021 elaborados polo persoal do CMD.

### OUTRAS CONSIDERACIÓNS

- A asignación da instalación “CIFP Marcos Valcárcel” queda pendente da sinatura do convenio.
- Os clubs que accedan ás instalacións con convenio (e non mediante abonos individuais) deberán presentar na sede electrónica do CMD un listado dos/as deportistas co seu número de licenza.
- Para o uso das instalacións pertencentes ao CMD é obrigatorio estar federados/as ou, no seu defecto, deberán contratar un seguro de responsabilidade civil e outro de accidentes deportivos, sendo o/a organizador/a o/a responsable.
- As reservas para adestramentos dentro da fin de semana, vai depender da celebración ou non de competicións federadas, de adestramentos que soliciten outros clubs ou de eventos deportivos que autorice o CMD; polo tanto, non se considerarán en ningún caso unha preferencia sobre outras circunstancias que se valoren desde o CMD, podéndose suspender ou anular en calquera momento.
- Debido a que nesta tempada vai adestrar un club de baloncesto na cancha central, non se poderá acumular material na zona de almacenamento das canastas, para que estas se poidan instalar e retirar con facilidade. Os venres ás 20h deberán recollese os tapices de ximnasia da cancha central de xeito que non estorben á realización das actividades deportivas que alí se realizan.
- A tempada no Polideportivo da Universidade comeza o 12 de setembro.

### PROCESO

Recibidas no rexistro do CMD as alegacións das entidades deportivas, entre o 15 e o 28 de agosto, procédese á resolución definitiva da **CONCESIÓN E USO DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE** para dar comezo á tempada 2022-2023 o próximo 5 de setembro de 2022 ata o 31 de maio de 2023. Os clubs que desexen seguir adestrando a partir desa data deberán solicitar a prórroga.

Publicada esta resolución, as entidades deportivas implicadas deben rexistrar na sede electrónica do CMD a aceptación/renuncia das instalacións concedidas e solicitar a sinatura de convenio co CMD.





## 1. BALONCESTO

### 1.1. ASOCIACIÓN BASKET OURENSE

Solicita o polideportivo da Universidade nas horas conveniadas co CMD (media cancha) e o Anexo do Complexo deportivo dos Remedios os martes e xoves de 16h a 17.30h e os venres de 18.30h a 20h e admítese (1/3 en cada franxa).

### 1.2. CD BBALL OURENSE

Solicita no Anexo martes, xoves e venres de 16h a 17.30h. Solicita martes e xoves ás 18.30h, igual que a tempada anterior, pero non se concede esa franxa horaria pola necesidade de que o Club Voleibol San Martiño conte con 2/3, pola tanto, concédeselle luns (1/3) e mércores (2/3) ás 18.30h e martes e xoves ás 20h (1/3).

Solicita nas alegacións os ocos que quedaron libres no Anexo: martes e xoves ás 16h e mércores ás 20h; o IES Ferro Couselo os mércores ás 16.30h; e o Polideportivo da Universidade media cancha nos horarios conveniados.

Acéptanse estas solicitudes, agás o horario de 16h a 17.30h na pista da Universidade e o Anexo os xoves ás 16h (1/3), que lle é concedido a Pabellón EDO Ourense.

### 1.3. ASOCIACIÓN DEPORTIVA BOSCO SALESIANOS

Precisa competir en parquet por esixencias do regulamento federativo, por tanto disputará os seus encontros regularmente na cancha central os domingos ás 12h de xeito preferente, ou os sábados ás 19h de xeito esporádico e dispón da franxa horaria de 21.30h a 23h os venres na central.

## 2. BALONMÁN

### 2.1. BALONMÁN MIÑO

Dispón de 2 franxas horarias no polideportivo de Oira: os mércores e venres de 22h a 23h.

### 2.2. CLUB BALONMANO PABELLÓN OURENSE

Mantén as franxas horarias no anexo e en Oira.

Tamén solicita o Otero Pedrayo, pero ese polideportivo está adicado a voleibol.

## 3. FÚTBOL

### 3.1. OURENSE CLUB DE FÚTBOL SAD

Admítense os horarios solicitados no campo de fútbol 11 e no campo de fútbol 8, unha vez establecidas as combinacións coa Purísima e coa EFF Rosalía.





### 3.2. UD OURENSE

Concédense os horarios solicitados en Vilar, axustando as franxas horarias a 90 minutos desde as 16.30h, de xeito que permite deixar libre a franxa das 21h.

Inclúese en Vilar unha franxa horaria para o Cented Academy SNR os venres de 21h a 22.30h.

### 3.3. ESCUELA DE FÚTBOL FEMENINO ROSALÍA

Quedan todos os seus equipos ubicados en Oira, tanto no campo de F8 como no campo de F11, mantendo a última franxa horaria dos venres a campo completo para o equipo sénior.

### 3.4. PABELLÓN OURENSE CLUB DE FÚTBOL

**PROVISIONAL:** Mantén os horarios da tempada anterior no campo de F11 e F5 dos Remedios e na cancha Central; no Anexo modifícase a disposición dos luns e mércores a 2/3 comprobados os rexistros de ocupación da tempada anterior.

Manifesta nas alegacións a vontade de facer un cambio entre a cancha Central e o Anexo, de xeito que o Pabellón CF ocupará a cancha central os luns de 16.30h a 18.30h e renuncia a unha hora os xoves, de 17.30h a 18.30h.

### 3.5. CD PABELLÓN PROMESAS

Mantén os horarios da tempada anterior.

### 3.6. CLUB DEPORTIVO LA PURÍSIMA

Solicita no campo de fútbol 11 de Oira dúas sesións na última franxa horaria, a maiores do que tiña o ano pasado e admítese. Mantén os horarios en medio campo de F11 na Universidade. Esta instalación abre a partir do 12 de setembro de 2022.

### 3.7. PABELLÓN EDO OURENSE

Concédenselle os horarios convenidos co CMD no campo de F11 da Universidade, ocupando o outro medio campo a Purísima. Esta instalación abre a partir do 12 de setembro de 2022.

**PROVISIONAL:** Ademais disporá da cancha central os luns de 17h a 18.30h e os mércores dun terzo do Anexo no mesmo horario.

Modifícase a concesión nas instalacións dos Remedios, dispoñendo definitivamente de 2/3 no Anexo os luns de 16.30h a 18.30h e os xoves 1/3 do Anexo ás 16h e Anexo completo de 17.30h a 18.30h

### 3.8. CLUB DEPORTIVO VELLE

Concédense os horarios especificados no calendario.





### 3.9. SOCIEDAD DEPORTIVA CULTURAL ARRABALDO

Admítense os horarios que presenta.

### 3.10. CENTED ACADEMY

PROVISIONAL: Ao ser un club que nunca utilizou instalacións municipais, resolverase a súa situación tras a publicación da resolución provisional para ver a dispoñibilidade de cada instalación.

Solicita nas alegacións horas libres en Oira, en Santa Cruz de Arrabaldo e en Vilar, concedéndose como se establece no calendario definitivo que se achega con este documento.

### 3.11. CLUB DEPORTIVO CULTURAL SANTA TERESITA

Admítense os horarios que presenta no campo de fútbol de Eiroás, tendo en conta que comparte campo co Club Agrupación Deportiva Covadonga os martes e venres de 20.30h a 22h.

### 3.12. CD ATLÉTICO ARNOIA

PROVISIONAL: Atopámoslle acomodo martes e xoves, medio campo, en Santa Cruz de Arrabaldo ás 21h e en Velle os mércores á mesma hora, tamén medio campo.

Na resolución definitiva unificamos os 3 días de adestramento (martes, mércores e xoves) no campo de Santa Cruz de Arrabaldo.

### 3.13. VERÍN CF

Atopámoslle acomodo os luns e mércores en Velle, de 21h a 22.30h

### 3.14. CLUB DE FÚTBOL AS MARAVILLAS

PROVISIONAL: Pode adestrar os mércores en Santa Cruz de Arrabaldo, medio campo ás 21h.

Ao non ter antigüidade no uso das instalacións deportivas municipais nin ter o domicilio social no Concello de Ourense e ante a solicitude doutra entidade nesa franxa horaria que si ten domicilio social no Concello de Ourense, vémonos na obriga de retirarlle a franxa horaria concedida na resolución provisional.

### 3.15. CD MUÍÑOS

PROVISIONAL: Pode adestrar os mércores en Santa Cruz de Arrabaldo, medio campo ás 21h.

Solicita nas alegacións adestrar no campo de fútbol de Velle os luns e mércores ás 21h e admítense, compartindo campo co Verín CF.

### 3.16. AGRUPACIÓN DEPORTIVA COVADONGA

Admítense os horarios que solicita no campo de fútbol de Eiroás.







### 3.17. CAFÉ BAR NOVO RIBEIRO

Solicitan xogar os partidos os sábados pola tarde en Vilar, pero esta solicitude dentro da fin de semana, deberá facerse entre o luns e martes da semana correspondente xa que vai depender da celebración ou non de competicións federadas, de eventos ou doutros adestramentos que soliciten os clubs que usan habitualmente esa instalación.

## 4. FÚTBOL SALA

### 4.1. OURENSE CLUB DE FÚTBOL ENVIÁLIA

Mantén os adestramentos na cancha central, pero os martes pasan a ocupar a última franxa horaria (21.30h). No polideportivo de Oira concédese tamén a franxa dos venres ás 16h ao non haber máis solicitudes.

Na resolución definitiva retírase a franxa dos venres ás 16h.

### 4.2. CLUBE DEPORTIVO SALA OURENSE FS

Mantén os adestramentos da tempada pasada na Carballeira e en Oira. Na central, o primeiro equipo ocupa a última franxa os xoves (21.30h).

Renuncia á franxa das 21.30h na Carballeira e cambia a última sesión de adestramento dos xoves para os mércores, deixando así libre o horario que lle convén ás Jabatas Roller Derby.

### 4.3. CLUBE SECUNDINO BASALO

No CIFP Marcos Valcárcel, ademais das horas da tempada anterior, modifica a petición dos luns, martes, mércores e xoves, e concédese posto que non hai coincidencia con ningunha outra petición. No polideportivo da Carballeira o Secundino Basalo mantén o horario de martes e xoves da tempada anterior.

Solicita nas alegacións a franxa dos luns ás 21.30h na Carballeira e pode utilizala nesta tempada, xa que renuncia o Sala Ourense.

### 4.4. XUVENTUDE OURENSE

No CIFP Marcos Valcárcel solicita martes e xoves e concédese. En Oira comeza a adestrar unha hora antes os luns (ás 16.30h) e aumenta unha franxa os mércores de 16h a 17.30h

Na Carballeira conta con 30 minutos máis os venres.

Na resolución definitiva retírase a franxa horaria dos mércores ás 16h en Oira, pero auméntase esa mesma franxa no CIFP Marcos Valcárcel.







#### 4.5. CLUB COUTO OURENSE FS

Concédese o anexo os luns ás 21.30h posto que non hai coincidencia con ningunha outra petición.

#### 4.6. VETERANOS FS

Solicita pista de Barrocás luns e xoves de 20h a 22h.

Concédese de 21h a 22h como estaba na tempada anterior.

#### 4.7. CD CIDADE DE AS BURGAS FS

Mantén os horarios da tempada anterior, agás a franxa dos martes na central ás 21.30h.

Luns e xoves no anexo ten o terzo central de 18.30h a 20h.

### 5. XOCKEI

#### 5.1. AD. OURENSE HOCKEY CLUB

Concédense os horarios especificados no calendario.

#### 5.2. CH ALBOR

Mantén os horarios da tempada pasada na Carballeira e en Mariñamansa

Solicita os domingos o polideportivo da Carballeira, de 10.30h a 12.30h, para adestramentos, pero esta solicitude dentro da fin de semana, deberá facerse entre o luns e martes da semana correspondente xa que vai depender da celebración ou non de competicións federadas no polideportivo.

#### 5.3. CH BARROCÁS

Solicita os mesmos horarios da tempada pasada e concédense.

#### 5.4. CH CIDADE DE OURENSE

Continúa nos mesmos horario que xa tiña na tempada anterior en Mariñamansa.

#### 5.5. HC SANTIAGO APÓSTOL

Concédense os horarios especificados no calendario de Mariñamansa e de Oira.

#### 5.6. CLUB GIMNÁSTICO CUDEIRO

Concédense os horarios especificadpos no calendario.





## 6. MÓDULO DE ATLETISMO

### 6.1. CLUB OURENSE ATLETISMO

Comprime na súa solicitude as franxas horarias da pasada tempada e concédeselle o módulo de atletismo de 17h a 21h de luns a venres, e sábados de 11h a 13h.

### 6.2. ASOCIACIÓN DE ESCALADORES OURENSÁNS.

A súa actividade de marcha nórdica realízase preferentemente no exterior, polo que a súa solicitude para utilizar o módulo depende da meteoroloxía. Polo tanto, deberanse facer solicitudes puntuais para o seu uso.

### 6.3. CLUB NATACIÓN PABELLÓN OURENSE

Para a súa sección de Triatlón concédeselle unha pista do módulo de atletismo luns, mércores e venres de 18h a 19h.

### 6.4. CLUB TRIPAMP OURENSE

Solicita o módulo na mesma hora que o CNPO, pero é a maior hora de afluencia do Club Ourense Atletismo, por tanto, non se concede. Solicita tamén os sábados de 10h a 11h e concédese.

## 7. PATINAXE.

### 7.1. CLUB DEPORTIVO OURELA

Este club compite en superficie de parquet, polo que se lle conceden 2 franxas horarias na cancha central os martes, ás 18.30h e ás 20h. Na Carballeira continúa os luns de 18h a 21.30h.

### 7.2. JABATAS ROLLER DERBY OURENSE

Solicita os xoves, preferentemente na última franxa horaria e sólo temos dispoñible os mércores, polo tanto, a proposta é os mércores de 21.30h a 23h no polideportivo da Carballeira.

No horario definitivo aparece concedida a franxa horaria das 21.30h os xoves, tras o cambio propiciado por Sala Ourense.

### 7.3. PATINATOUR

Mantén os horarios da tempada anterior tal e como se especifican no calendario publicado.

A solicitude dentro da fin de semana, deberá facerse entre o luns e martes da semana correspondente xa que vai depender da celebración ou non de competicións federadas no polideportivo ou da solicitude doutros clubs.

## 8. PISCINAS

Todas as solicitudes concédense segundo está exposto no calendario que se acompaña.





#### 8.1. CLUB NATACIÓN PABELLÓN OURENSE

#### 8.2. CLUB NATACIÓN SINCRONIZADA OURENSE

#### 8.3. SALVAMENTO ACUÁTICO OURENSE

#### 8.4. CIFP A FARIXA

#### 8.5. CPR LUIS VIVES

#### 8.6. SEMINARIO A INMACULADA

#### 8.7. CLUB WATERPOLO PABELLÓN OURENSE

Pode concederse a calle 7 da P50m de luns a venres, pero nas últimas horas precisamos introducir o robot de limpeza na piscina, e por tanto, non pode haber usuarios adestrando. A franxa horaria a partir das 21.45h concederáse sempre e cando nos comunique pola sede electrónica as persoas, habilitadas pola AGASP, que realizarán as labores de socorrismo acuático e que non poderá estar ao mesmo tempo realizando labores docentes nin outras.

#### 8.8. CLUB TRIPAMP OURENSE

Solicita a piscina e denégase.

#### 8.9. CEIP M.L. ACUÑA

#### 9. VOLEIBOL

##### 9.1. BURGAS VOLEIBOL

Adestra no CIFP Marcos Valcárcel martes e xoves na franxa das 20h e no IES Ferro Couselo solicitan os venres no mesmo horario da tempada pasada e martes e xoves desde as 19h. Concédese polo axuste co Club Escola Ximnasia Burgas.

No Pompeo adestra nos mesmos horarios da tempada anterior a categoría sénior nacional.

##### 9.2. CLUB VOLEY PLAYA MILENIO OURENSE

Concédense os horarios especificados no calendario.

##### 9.3. CLUB VOLEIBOL OURENSE

No Ferro Couselo concédense martes, de 17h a 19h, e venres, de 16h a 18h.

No Pompeo os mesmos horarios da tempada anterior.





#### 9.4. CLUB VOLEIBOL SAN MARTIÑO

No anexo dispón de 2/3 os martes e xoves ás 18.30h e ás 20h, e os mércores ás 20h.

No CIFP A Carballeira solicita mércores e venres, e os horarios concedidos son: de 19.30h a 21.30h e de 18h a 23h, respectivamente.

A asignación da instalación "CIFP Marcos Valcárcel" queda pendente da sinatura do convenio.

#### 10. XIMNASIA

##### 10.1. CLUB ESCOLA XIMNASIA BURGAS

Concédense os horarios especificados no calendario.

##### 10.2. CLUB XIMNASIA ESCOLA PAVILLÓN

Os luns, no Anexo, ademais do terzo das 18.30h dispoñen de 1/3 lateral desde as 16h.

O horario que solicita para venres entre as 16h e as 20h queda como estaba o ano pasado no calendario definitivo, podendo variar, se así se acorda, o nome do club (CXEP ou CXPO) pero nos mesmos espazos.

Solicita a cancha central para adestrar os sábados de 9h a 14h, pero esta solicitude dentro da fin de semana, deberá facerse entre o luns e martes da semana correspondente xa que vai depender da celebración ou non de competicións federadas na cancha central, de eventos ou doutros adestramentos que soliciten outros clubs.

No Campo da Feira disporán do horario solicitado respectando as especificacións do Club Ximnasia Burgas e albergando os equipos de ballet.

Nos Remedios non poderán usar máis espazos que os que aparecen nos correspondentes calendarios e nos servizos de cada fin de semana.

##### 10.3. CLUB XIMNASIA PAVILLÓN OURENSE

Concédense os mesmos espazos que na tempada anterior.

Solicita a cancha central para adestrar os sábados de 9h a 14h, pero esta solicitude dentro da fin de semana, deberá facerse entre o luns e martes da semana correspondente xa que vai depender da celebración ou non de competicións federadas na cancha central, de eventos ou doutros adestramentos que soliciten outros clubs.

No Campo da Feira disporán do horario solicitado respectando as especificacións do Club Ximnasia Burgas e albergando os equipos de ballet.

Nos Remedios non poderán usar máis espazos que os que aparecen nos correspondentes calendarios e nos servizos de cada fin de semana.





## 11. ROCÓDROMO

### 11.1. ASOCIACIÓN DE ESCALADORES OURENSÁNS

Mantéñense os horarios do ano pasado e polas mañás de 9h a 14h. Neste horario matutino, de luns a venres, as persoas federadas na Federación Galega de Montañismo e que teñan material propio, poderán usar o rocódromo sempre e cando non esté xa concedida a instalación de xeito puntual. Esta información poderase consultar na páxina web do CMD.

### 11.2. CLUB ALPINO OURENSÁN

Polas mañás, de luns a venres, as persoas federadas na Federación Galega de Montañismo e que teñan material propio, poderán usar o rocódromo sempre e cando non esté xa concedida a instalación de xeito puntual. Esta información poderase consultar na páxina web do CMD.

Polas tardes mantéñenselle os horarios do ano pasado.

## 12. SALA DE HALTEROFILIA

### 12.1. CLUB HALTEROFILIA PABELLÓN

Concédenselle os horarios solicitados.

### 12.2. VÁKNER POWERLIFTING

A sala que solicitan non está acondicionada nin está decidido o seu uso.

## 13. ASOCIACIÓN DE VECIÑOS CARLASCA

A Asociación de Veciños Carlasca mantén o horario de martes e xoves de 19h a 20h no CIFP Marcos Valcárcllel.

A asignación da instalación “CIFP Marcos Valcárcllel” queda pendente da sinatura do convenio.

## 14. CD ANDARUE CAPOEIRA

Non se concede a sala anexa ao ximnasio de musculación xa que é un complemento para o adestramento de abonados/as.

## CONCLUSIÓNS

Publicada esta resolución, as entidades deportivas implicadas deben rexistrar na sede electrónica do CMD a aceptación/renuncia dos horarios concedidos nas instalacións municipais e formalizar convenio co CMD para a concesión do horario de adestramento.

A concesión terá vixencia desde o próximo 5 de setembro de 2022 ata o 31 de maio de 2023.

Os clubs que desexen seguir adestrando a partir desa data deberán solicitar a prórroga.





Por todo o exposto, faise público o venres 2 de setembro de 2022 este documento xunto co anexo de distribución horaria de instalacións deportivas municipais denominado “calendario”.

Marta Míguez Telle  
Coordinadora de deportes do CMD  
Ourense, na data da sinatura electrónica

